

O noso Stendhal

Anxo Tarrío Varela

Hoxe traio aquí un libro que debía marcar época no eido da tradución ao galego. Trátase da voluminosa novela titulada *A cartuxa de Parma* (*La chartreuse de Parme*), unha das dúas obras que, xunto con *Vermello e negro* (*Le rouge e le noir*), abundarían para inmortalizar a aquel francés italianizado, Henry Beyle, que deu por adoptar como nome literario o dunha viliña alemá chamada Sthendal. Foi el, Sthendal, un home algo estravagante dotado dunhas grandes aptitudes para a arte de novelar e, sen dúbida, xunto con Balzac e Flaubert, o expoñente máximo do realismo literario europeo, ou polo menos do realismo francés, que non é pouco dicir.

O tradutor de tan importante novela foi Germán Palacios, un mindoniense a proba de forza e coitela, catedrático de francés xubilado, que tivo a paciencia de afrontar un traballo de 580 páxinas para nolo ofrecer nun galego certamente impecábel. Xa se lle coñecía a tradución que fixera para o castelán doutra das grandes novelas de todos os tempos, *Madame Bovary*, de Gustave Flaubert. Con *A cartuxa de Parma*, a editorial Galaxia, que tamén nos dera o ano pasado a tradución ao galego de *Madame Bovary*, a cargo de Antonio Pichel, podemos dicir que se apunta outro importante mérito, pois, aínda que esta edición de Sthendal como aquela de Flaubert, están subvencionadas pola Xunta de Galicia, non hai dúbida de que algo sempre se arrisca neste tipo de empresas, polo xeral ruinosas dende o punto de vista económico, non así cultural, claro.

Non hai dúbida de que un programa organizado de traducións é algo moi custoso e supón esforzos orzamentais que non sempre se poden levar a cabo. Pero doutra banda, detéctanse por veces audacias tradutoras que fican moi lonxe de prestixiar o noso idioma e a nosa cultura, dende o momento en que é doado rexistrar algunhas que non foron feitas dende as linguas orixinais, senón a través das correspondentes españolas, ou ben cheas de inexactitudes, cando non de erros, decantados dun coñecemento insuficiente ou moi elemental da lingua orixinal, que levan ao disparate ou ao sensentido.

De feito, unha segunda ou terceira lingua nunca se chega a dominar en todos os seus rexistros e recantos e, tendo en conta que a linguaxe da obra de ficción se presta, por definición, a múltiples interpretacións e sentidos, comprenderase por qué cómpre poñer en mans moi especializadas as obras do patrimonio universal, se non queremos caer no ridículo ou dar gato por lebre aos lectores.

Pero Germán Palacios é un especialista, con traballos xa ben contrastados, que agora nos brinda a ocasión de achegarnos ás apaixonantes historias de Fabricio del Dongo e Clelia Conto, do conde Mosca e da duquesa Sanseverina. O lector pode estar seguro de asistir a un mundo cheo de peripecias e de interese, descrito por un home que non foi ben comprendido no seu tempo pero que tiña a seguridade de que había ser recoñecido pola sociedade lectora do século XX, cousa na que atinou de cheo. E falando disto, non sei por qué non se incorporou á tradución galega a

enigmática fórmula inglesa, *To the happy few*, é dicir, *Para os poucos felices*, con que Sthendal rematou esta súa novela. ¿E que tiña medo a editorial de que iso botase para atrás ao comprador? Aí queda esa pregunta e noraboa a Germán Palacios por este importante traballo.

O Correo Galego, 1995